

Luces

GALICIA

ROLDA DAS LETRAS

Libros sitiados pola crise, literatura en estado puro

DOLORES VILAVEDRA

Unha quixera falar sempre de literatura, máis ás veces non lle queda outra ca resignarse a falar simplemente de libros. Por fortuna para min, hoxe podo abrir este espazo recomendando literatura en estado puro, un material que, non vaian pensar, non abunda entre tanta ganga como se publica. Velaí *A estrada* de Cormac McCarthy, a narración implacable dun mundo poscatástrofe no que a vida foi case aniquilada. Para os que viron xa a excelente película que John Hillcoat fixo a partir da novela, a lectura desta permite comprobar de novo o poder da palabra, a eficacia dunha técnica narrativa atinadamente escolleita. *A estrada* déixanos sen folgos: somos nós, nun mañá posible; somos nós, no máis animal e no máis nobre da nosa condición. Déixense ir da man dun narrador sen concesións, asústense e congratúlense ante o que somos. Sucumban, como eu sucumbín, á tentación de querer pechar o libro e non ser quen: tal é o poder da verdadeira literatura. E, se non viron a película, fágano tras a lectura: non decepciona.

Tampouco quixera unha pechar as páxinas de *As nosas sombras no xardín de Serralves*, de Xoán Abeleira, un poemario que se le como a crónica dun amor excepcional (pero... cal non o é?). Importa pouco que a crónica remate no desamor pois os poemas agroman da convicción de que, como di a cita inicial de Breton, "saber amar abunda". Tanto ten o prezo a pagar: o verdadeiramente importante é sermos elixidos, cando menos unha vez na vida, para vivir esa experiencia radical de amar e ser amados. A profundidade e madurez da voz poética afasta a obra de calquera interpretación confesionalista: Abeleira non fai psicoterapia, pseudona nas fendas e nas sombras do eu, que é outro cando se asoma aos cavorcos do ti, disec-


ciona afouto as raigañas da dor e da felicidade, promiscuamente ensarilladas. A limitación dualista que unha obra así podería padecer supérase polo intenso diálogo que a voz poética mantén con outras, nomeadamente coa de Olga Novo: velaí ese *Wigwam* que nos remite a *Amar é unha india*, velaí certas expresións léxicas, ou a cita de Joyce Mansur que se evoca nun dos poemas e que remite á que abre *Nós nus*. Pero tamén ecoan Rosalía e Berger, Patti Smith e os contos populares da nosa infancia. Un libro dos que deixan pegada. Beizón logo para a empresa de servizos de tradución e interpretación Franouren, que inicia o seu selo editorial coa colección de poesía Maldoror, inaugurada con esta obra de Abeleira que irá seguida de *O libro dos cans* Estevo Creus, cuxa voz singular, por certo, xa temos ganas de escoitar de novo. Franouren súmase así a outras empresas semellantes, que están a diversificar o panorama da edición galega e que garanten ese coidado do produto final que tantas veces se bota de menos. Un fenómeno o deste tipo de empresas a seguir con atención na inmediata evolución do libro galego.

»Un verán de transición. En todo caso, coido que o verán foi de transición, na espera das regalías outonais que as editoras prometen. Quizais ese ton menor co que aparentemente se expresaron as nosas letras, sitiadas de facto pola crise e por un Goberno que non cre nelas, esvaeu a presenza de obras notables, que foron presentadas no interregno estival, e que compre agora relanzar, tamén como exercicio de autoafirmación e de confianza na calidade de moitas das nosas voces. Penso, por exemplo, en *O coitelo en novembro* de Marilar Aleixandre ou *A intervención* de Teresa Moure.


Alvarellos arriscou cos 30 gramos de Leonel Moura, unha pre-




A estrada, de Cormac McCarthy.



Os últimos poemas de Abeleira.



Un libro de relatos de Aleixandre.



Un último destino, de Caneiro.

tenciosa novela malamente enfiada arredor das célebres latas de feces do artista italiano Piero Manzoni. Con infulas de manifesto, 30 gramos propón unha reflexión sobre a condición da arte contemporánea e a reflexión metadiscursiva que esta inspira. Mágoa que nada do que di nos sorprenda xa, e que a intriga, de tan burda, nin siquiera funcione como parodia.

Caneiro regresou con *Un último destino*, sempre fiel a si mesmo. Só recomendado para adeptos. E tamén Xabier López continúa fiel á cuestión de fondo que inspira sempre a súa creatividade, a de cal é a condición ontolóxica da literatura e da nosa relación con ela, cales son os seus límites e de que índole os vencellos que establece tanto co real coma con ela mesma. Todo iso, e non é pouco, está na cerna das narracións que compoñen *Os libros prestados*.

De moi boa acollida gozou *Luz de Tebra* de Ánxel Vázquez de la Cruz, que segue así o ronsel de médicos humanistas que tan logrados froitos ten dado á nosa cultura, de Roberto Nóvoa Santos tan Domingo García-Sabell. Tan polisémico (e oximórico, como el ben di) título é una viaxe por algunhas das paisaxes do noso país (Tui, Vigo, Santiago, A Coruña...), escenarios de episodios radicalmente humanos que nestes relatos se rescatan para poner luz nas tebras que ás veces asedian o noso paso pola vida. A palabra, o humor e unha ben axustada dose de lirismo son as ferramentas das que se vale o autor para levarnos coma no bico dos pés polas traxicomédias do cotiá.

E, para bo sabor de boca, o que nos deixa *A mesa e manteis. Historia da alimentación en Galicia*, de Xavier Castro, publicada en Biblos. O autor amosa aquí, unha vez máis, a súa habelencia para o ensaio gastronómico, ben alicerzado nunha sólida investigación. Coma outras obras de Castro, esta lese con pracer, non só polo grande número de curiosidades que nos achega, senón tamén pola fluidez do estilo con que nolas glosa.

Xa teño comentado noutras ocasións e lugares o escaso da nosa colleita biográfica, un feito que se pode interpretar como consecuencia da mínima autoconciencia colectiva, e da escasa vertebración, da nosa sociedade. Para compensar esa eiva, velaí a

aparición paseniña, nos últimos tempos, de numerosos epistolarios e notables achegas biográficas que poñen o foco en figuras ilustres do noso tempo e contribúen a rescribir moitas páxinas da nosa historia. Nesa liña podemos interpretar a recuperación de *A Galicia de Montevideo. Unha biografía de Xesús Canabal* (1897-1985), da autoría de Manuel Losa, publicada por vez primeira en Montevideo en 2007 e agora revisada polo autor. Malia resultar moi evidente a admiración profesada polo biógrafo ao biografado, co que compartiu a condición de emigrante, así como un certo desinterese pola achega de datos empíricos, a obra de Losa sedúcenos pola fluidez do relato e pola engaiolante figura do seu protagonista, Manuel Canabal. Mais fainos tamén lamentar a ausencia hoxe de figuras como a súa, que exercesen un mecenádego tan xeneroso e

Cómpre relanzar obras notables presentadas no período estival

De la Cruz segue o ronsel de médicos humanistas con 'Luz de Tebra'

tan convencido coa nosa cultura. U-los Canabal de arestora?

A Nosa Terra achéganos *Volta e revolta*, unha novela póstuma de Xoán Manuel Casado. Mágoa que a edición careza do máis mínimo texto introductorio que nos poña ao tanto das circunstancias, época, etc. de produción do texto, e de como se xestou a súa serodia publicación. Non estarían de máis unhas liñas que presentasen a figura autorial de Casado ao público máis novo, que animasen a reler os seus poemarios e novelas. *Volta e revolta* resulta ser una narración un chisco inquietante, a cabalo entre o metaliterario e o memorialismo, pero sobre a que para un primitivismo que de certo é o seu mellor engado. En todo caso, e malia non podermos darto o texto, este resiste ben o paso do tempo. Como adoita acontecer coa literatura (outra cousa, como xa dixeran, son os libros).